Unidade de Análises e Programas

Memoria 2025

Universidade de Vigo

Unidade de Análises e Programas

UNIVERSIDADES 2025

OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A publicación do presente informe está aliñado co cumprimento do ODS 16, e en particular, coa meta 16.6 que busca crear institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade e co ODS 17, e en praticular, coa meta 17.18 que busca aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de calidade.

Índice

1. Introdución. 2
2. Unidade de Análises e programas. 4
3. Dataset. 5
4. Solicitude de datos. 7
5. Estatísticas. 14
6. Xestión de indicadores e programas institucionais. 19
7. Xestión do sistema de QSP 22
8. Transparencia. 24
9. Rankings. 27
10. Responsabilidade social. 30
11. Plan estratéxico. 32
12. Informes. 33
13. Organización. 33
14. Principais necesidades detectadas. 39
15. Plan de financiamento do SUG 2022-2026 e custos da Unidade de Análises e Programas. 41
16. Formación. 43
17. Agradecementos. 44

Anexo I. Cadro de actividades. 45
Anexo II. Cadro de competencias. 46
Anexo III. Plan de financiamento por resultados. 48
Información de contacto 50

1. Introdución.

O obxectivo da seguinte memoria é recoller a información das actividades da Unidade de Análises e Programas durante o ano 2025. Recóllense nela os grandes grupos de actividade que desenvolve a UAP, como poden ser a recollida de datos para a participación nas estatísticas oficiais, a xestión de indicadores, a xestión do sistema de QSP, a xestión do Portal de transparencia, o tratamento de datos para os rankings nos que participa a UVigo ou a colaboración no relativo á Responsabilidade Social Universitaria, pero tamén as principais necesidades detectadas e a formación recibida polos recursos humanos da UAP. Como parte da súa rendición de contas a UAP tamén realiza os informes relativos á Transparencia da UVigo, á memoria das QSP e a de RSU da nosa institución.

En canto aos aspectos máis destacados do 2025 debemos recalcar que a UAP é a unidade de referencia para recibir e transmitir os datos oficiais da UVigo. Durante o 2025 o número de solicitudes de datos acadou a cifra de 220, inferior o ano anterior, pero que amosan a centralización do pedimentos de datos na unidade.

Como é habitual mantense o traballo coas principais estatísticas oficiais nas que debe colaborar a UVigo, como son as do INE, SIIU, ou IGE. Nelas recóllense datos e información oficial sobre o custe laboral, I+D ou información sobre investigación e transferencia.

En relación coa xestión de indicadores e programas institucionais, a UAP continúa elaborando os cálculos para o contrato programa de centros, utilizado para ao reparto orzamentario.

Durante o ano 2025 continúase aportando a información que é utilizada por diversos rankings, nacionais e internacionais, dos que cabe destacar o ranking de Shanghai, as diversas modalidades do ranking THE, o Green Metric ou o QS, por ser os máis destacados, e tamén a recollida por primeira vez para a primeira edición dun ranking por parte da revista TIME en colaboración co Statista.

No apartado de Responsabilidade social universitaria (RSU) a UAP elabora a memoria de RSU da nosa universidade, e outros informes como son o informe da posición no THE

universitiy impact ranking o informe da posición no ranking Green Metric, e tamén o informe de desempeño dos ODS da Axenda 2030.

Neste memoria coméntase a participación da UAP na recompilación de evidencias e datos para o seguimento do plan estratéxico 2021-2026.

Nos últimos apartados explícanse as necesidades informáticas xa reiteradas en anteriores memorias e que seguen manténdose, e da proposta de dotación de persoal propio coa creación dunha escala *Técnica de Análise de datos*, subescala *Datos* que permita fornecer con persoal especializado a xestión máis complexa do ecosistema de información da universidade.

2. Unidade de Análises e programas.

A Unidade de Análises e Programas (en adiante UAP) é a unidade administrativa encargada da explotación de datos na Universidade de Vigo e para iso recompila información da mesma para facilitarlla tanto a usuarios internos como externos, en estatísticas, rankings, portal de transparencia, dereito de acceso, etc.

Entre as súas funcións destacan a realización de estudos, informes e estatísticas, centralizando os datos estatísticos da universidade. Tamén se encarga de dar publicidade a ditos datos, e de todos aqueles que se atopan suxeitos a obrigas de publicidade activa pola normativa de transparencia, estatal, autonómica e da propia universidade, xestionando para tal fin o Portal de Transparencia da nosa institución e ao igual que tamén coordina e xestiona o sistema de queixas, suxestións e parabéns da UVigo. Todo isto en estreita colaboración co resto das unidades e servizos.

Ademais das actividades e programas descritos no parágrafo anterior, a UAP colabora nas seguintes accións: na calidade e estratexia da universidade, aportando indicadores para os programas de calidade; contratos programas de centros e elaboración da memoria de Responsabilidade Social.

A UAP, dada a transversalidade das funcións e actividades que executa, depende directamente da Xerencia da UVigo, sen que exista dependencia funcional de ningunha vicerreitoría concreta e prestando servizo de datos a todas elas. Nestes momentos a unidade conta cun total 5 efectivos: un coordinador, unha xefa de área, un xefe e unha xefa de negociado e un posto base e non dispón de orzamento propio.

3. Dataset.

A UAP, como unidade encargada da explotación de datos da UVigo, recompila información para facilitarlla tanto a usuarios internos como externos. Para isto realiza peticións de datos a diversos servizos e unidades. A listaxe de peticións programadas recollíase ata agora nun arquivo denominado **DataSet**. A maiores fanse outra serie de peticións de datos puntuais que non estaban programas de forma periódica que viñan derivados de solicitudes concretas de información. Nos últimos anos centralizáronse todos os pedimentos nun único rexistro, manténdose DataSet como unha guía global de pedimentos recorrentes.

Analizando este novo rexistro podemos ver que se solicitan un total de **234 arquivos de datos** e información diferentes a un total de **70 unidades**. A información solicitada fai referencia a diferentes áreas como a académica, biblioteca, cultura, deportes, docencia, económica, investigación, igualdade, persoal, medio ambiente, etc.

En canto a utilización da información de ditas peticións aos servizos, é moi variada. Ademais de ser a provedora de datos para rankings e estatísticas oficiais tamén, é utilizada para fornecer información interna, tal como a memoria RSU, os diferentes indicadores de acreditación, o contrato programa ou Portal de Transparencia, sobre todo para o apartado UVigo en cifras.

Tendo en conta a distribución ao longo do ano das peticións, o mes no que máis peticións de datos se realizaron foi abril, cun total de 49, seguido de febreiro con 38 e setembro con 37 peticións.



O promedio de días que se tardan en resolver unha petición de datos está en 18,8 días e hai que salientar que 9 peticións quedaron sen responder.

Ó feito de realizar as peticións, vía correo electrónico, é preciso engadir o seguimento das mesmas, que leva consigo: reiteración da petición se non é respondida, revisión dos arquivos recibidos para contrastar se conteñen toda a información precisa e a elaboración da información que con eles se pretende recuperar.

4. Solicitude de datos.

A UAP, tal e como se indica ao inicio deste apartado, é a unidade encargada de aportar os datos oficias da UVigo. Polo tanto non só é responsable de recompilalos, tamén debe de responder as peticións de datos que realizan outras unidades e servizos.

Durante o 2025 recibíronse un total de 220 **peticións de datos**, dato lixeiramente inferior ó do ano 2024.



Como podemos observar na gráficas anterior, a evolución do número de solicitudes foi incrementándose o longo dos anos, pasando de 38 no ano 2011 a 118 no ano 2015, baixando lixeiramente nos anos 2016 e 2017, pero a partir do 2018 é constante e sostido, pasando a 172 nos anos 2019 e 2020, e incrementándose despois a 240 no 2021 e xa 253 no 2024.

Das solicitudes recibidas durante o ano 2025, 133 son de usuarios externos, cun 60,45 %, e 87 de usuarios internos, cun 39,54 %.



A gráfica anterior amosa o detalle no período 2018-2025 entre o tipo de usuario interno e externo, no ano 2018 o número de pedimentos por parte de usuarios internos foi superior o dos usuarios externos, e o incremento foi constante no ano 2019 e 2021 con 123 solicitudes, diminuíndo despois nos anos 2022 e 2023 e aumentando no 2024. En canto os usuarios externos que no ano 2018 foron un total de 40, a progresión foi maior chegando no ano 2024 a 146, e sendo no 2025 lixeiramente inferior.

As dúas gráficas anteriores amosan que a Unidade de Análises e Programas converteuse a unidade centralizadora da información na universidade, e por outra parte, amosa o incremento das necesidades de información tanto por usuarios internos como por usuarios externos.

En cando aos órganos que realizan as peticións podemos ver na seguinte táboa que as 220 peticións se realizan por un total de 17 agrupacións. Sendo o equipo de goberno, como no ano anterior o que máis peticións fixo, cun total de 36, seguido polo INE con 35, os rankings con 30, os centros con 25 e o SIIU con 17.

No último ano descendeu en 16 o número de pedimentos realizados dende a clasificación de Servizos, e en 5 as realizadas pola AGE e outras Universidades.

Táboa 1: Órganos que realizan pedimentos de datos.

Órgano	2024	2025
AGE	5	0
Campus especializados	5	4
Centro singular	10	8
Centros	25	25
CRUE	8	5
Dereito de acceso	12	16
Equipo de Goberno	35	36
IGE	12	8
INE	31	35
Outro externo	16	13
Outro interno	2	1
Ranking	28	30
Servizos	31	15
SICTI	2	2
SIIU	17	17
Universidades	6	1
Xunta de Galicia	8	4

Segundo o tipo de dato solicitado, os informes seguen a ser os datos máis destacados, tratándose de información puntual e concreta que se solicita internamente dende servizos propios da UVigo ou externamente dende outras institucións. Son datos que non están publicados no Portal de Transparencia ou que requiren unha maior elaboración para dar resposta a cuestións máis detalladas que precisan as persoas ou órganos peticionarios.



En canto ás solicitudes por área, a área que ten un maior número de peticións no 2025 é a académica con 84. Na área académica subminístrase información de: datos de alumnado (mobilidade, créditos matriculados, datos de acceso ...), datos sobre matricula, materias, entre outros. Nun segundo grupo estarían ás áreas xeral e de persoal con 60 e 56 solicitudes respectivamente. Na área xeral a información que se fornece é para enquisas, rankings ou peticionarios internos referidas á información xeral da nosa universidade. A continuación estaría a área de investigación con 12 solicitudes e a área da que menos información se solicita é a económica, con 8 solicitudes.



Con respecto ao tempo de resposta no 2025, a maioría (61,36 %) prodúcese dentro da primeira semana. Das respostas dentro da primeira semana un 39,09% prodúcese no mesmo día ou no seguinte.



Táboa 2: tempo de resposta por tipo de petición 2025.

Tipo de petición	Mesmo día ou no seguinte	Nunha semana ou menos	De dúas a tres semanas	De tres a catro semanas	Máis dun mes	Total
Informe	60	28	10	11	4	**113**
Estatística	15	13	10	23	6	**67**
Ranking	6	6	3	3	12	**30**
Indicador	5	2	1	1	1	**10**
Total	**86**	**49**	**24**	**38**	**23**	**220**

En canto á evolución con respecto aos anos anteriores podemos ver que existe certa tendencia a mellorar os tempos de resposta.



Tal e como se observa no gráfico, as peticións distribúense de xeito desigual durante o ano: agosto, xullo e decembro son os meses con menos solicitudes, mentres que febreiro, novembro e maio rexistran a maior afluencia.

Este exercicio presentou un cambio notable na tendencia semestral, xa que o peso principal trasladouse á segunda metade do ano, que sumou 125 peticións (56,82 %) fronte ás 95 do primeiro semestre (43,18 %).



5. Estatísticas.

A UAP recompila os datos necesarios para elaborar as estatísticas oficiais de participación obrigatoria, entre as que destacan as do INE, a CRUE ou o SIIU.

No caso do Instituto Nacional de Estadística (INE), a unidade encárgase de fornecer a información para a **Enquisa Trimestral de Custo Laboral**, unha operación estatística continua que analiza catro contas de cotización para coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo. De xeito trimestral, repórtanse variables como o número de persoal en alta (a tempo completo e parcial), días de alta, vacacións, festas non oficiais, horas extra ou complementarias, tempo traballado non remunerado, retribucións brutas, percepcións salariais e non salariais, indemnizacións, cotizacións sociais, así como vacantes e ofertas de emprego. Esta estatística compleméntase, ademais, coa **Enquisa Anual de Custo Laboral**.

Así mesmo, ante a crecente demanda de información sobre a fenda e a desigualdade salarial, a UAP cumprimenta a **Enquisa Anual de Estrutura Salarial** para unha mostra determinada de traballadores da Universidade. Esta investigación permite coñecer a distribución dos salarios anuais e proporciona datos sobre a ganancia bruta clasificada por variables individuais como o sexo, o tipo de xornada, a actividade económica, a ocupación ou a categoría profesional.

O INE solicita tamén información para a **Enquisa sobre Actividades de I+D**, unha operación enmarcada no Plan Estatístico de Ciencia e Tecnoloxía que promove a Oficina de Estatística da Unión Europea (**Eurostat**) co fin de cuantificar as actividades investigadoras.

A UAP encárgase de recoller, procesar e xestionar os seguintes bloques de información para esta estatística:

- **Persoal e disciplinas de I+D:** Datos relativos ao persoal investigador e de apoio, clasificados segundo o tipo de investigación (básica, aplicada ou desenvolvemento

experimental) e por áreas de coñecemento (ciencias exactas e naturais, enxeñaría, sanidade, agricultura, veterinaria, ciencias sociais e humanidades).

- **Biotecnoloxía:** Información sobre as aplicacións e desenvolvementos desta tecnoloxía en ámbitos específicos como a medicina, a industria, os procesos agrícolas, a tecnoloxía dos alimentos e os ambientes mariños ou acuáticos.

Con periodicidade bienal, o INE solicita tamén os datos para a **Enquisa sobre a Xeración de Residuos nos Servizos e na Construción (RSC)**. O seu propósito principal é cuantificar en unidades físicas os residuos xerados polos establecementos, clasificados segundo o tipo de refugallo, a súa perigosidade e a actividade orixinaria. Esta operación permite, ademais, cumprir coas esixencias do Regulamento (CE) no 2150/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, facilitando a comparación de datos a escala internacional.

O INE realiza un total de **35** actuacións ao longo do ano, 29 delas que teñen relación coa área de persoal, 5 coa área económica e 1 coas áreas xeral e de investigación.

A colaboración coa **Conferencia de Reitores das Universidades Españoas (CRUE)** estrutúrase a través de dúas grandes operacións estatísticas e varias solicitudes específicas:

- **Informe de Investigación e Transferencia de Coñecemento (I+TC):** Alimenta os documentos estatais da CRUE sobre I+D+i e transferencia. Recolle datos sobre:
    - **Recursos e infraestruturas:** Orzamento xeral, gasto e persoal en I+D, e edificios dedicados á investigación.
    - **Capital humano:** Formación, contratación, mobilidade de investigadores e persoal de apoio, e técnicos de xestión de I+TC.
    - **Resultados e innovación:** Proxectos competitivos, patentes, contratos de I+D ou de asistencia técnica, cátedras, creación de *spin-offs* e *start-ups*, e actividades de divulgación.

- **La Universidad Española en Cifras (CRUE-UEC):** Un exhaustivo estudo de 119 ítems que analiza a radiografía institucional a través de bloques como:
    - Demanda e oferta académica (alumnado de novo ingreso, preinscrición e rendementos).
    - Axudas ao estudo e estrutura das bolsas.
    - Recursos humanos (persoal laboral e funcionario) e detalle da liquidación orzamentaria.
    - Miscelánea (prácticas, instalacións, colexios maiores e servizos de orientación).
- **Peticións específicas e monográficas:** Peticións puntuais tramitadas que inclúen as certificacións CEDRO e VEGAP, e outras enquisas puntuais.

En relación á CRUE realizáronse un total de **5** actuacións.

O **Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU)** é a plataforma que permite a **r**ecollida, tratamento, análise e difusión dos datos do Sistema Universitario Español. Ademais, é unha ferramenta clave para a elaboración das estatísticas oficiais incluídas no Plan Estadístico Nacional.

Na UVigo, a UAP é a unidade encargada de remitir ao SIIU toda a información oficial necesaria.

Áreas de información

O SIIU organízase en diferentes áreas, con variables e indicadores específicos que permiten unha visión global e detallada da realidade universitaria.

- **Área auxiliar**: centros, unidades e estudos impartidos.

- **Área académica**: estudantado, características curriculares, sociais e demográficas, procesos de PAU e preinscrición.
- **Área de recursos humanos**: PDI e PAS, coas súas características profesionais, sociais e demográficas.
- **Área económica**: contas anuais, liquidacións orzamentarias e indicadores financeiros.
- **Área de bolsas e axudas ao estudo**: bolsas concedidas polo Estado, comunidades autónomas e universidades, e datos das persoas beneficiarias.
- **Área de I+D**: actividade investigadora e innovadora.
- **Área de inserción laboral**: acceso e permanencia das persoas egresadas no mercado de traballo.

O SIIU é un dos órganos peticionarios que maior número de peticións realiza ao longo do ano, un total de **17** actuacións que se distribúen dun xeito estable ao longo do ano.

Dende o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades tamén se recolle información para o **Sistema de Información sobre Ciencia, Tecnología e Innovación (SICTI)**, como instrumento de captación de datos e análise para a elaboración e seguimento da "Estrategia Española de Ciencia y Tecnología", da "Estrategia Española de Innovación" e dos seus plans de desenvolvemento. A UAP recolle información para cumprimentar a **Enquisa de Transferencia de Coñecemento e Innovación** no que se recompila datos de patentes, modelos de utilizade e variedades vexetais no ficheiro ETCI 2, acordos de explotación de patentes, modelos de utilidade e variedades vexetais no ficheiro ETCI 3, investimentos en protección de invencións no ficheiro ETCI 4, outros rexistros para protexer resultades de

investigación no ficheiro ETCI 5, colaboración (contratos, proxectos colaborativos e convenios) no ficheiro ETC 6, empresas Spin-Off no ficheiro ETCI 7 e outros (declaración de resultados, investigadores,...) no ficheiro ETCI 8.

No 2025 realizáronse **2** actuacións**,** relacionada coa transferencia do coñecemento.

No ano 2022 a UAP subministra por primeira vez información ao **Instituto Galego de Estatística (IGE)**. En concreto nunha "Enquisa sobre as vacantes nas empresas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicado de sentimento do sector servizos". Na mesmaSe trasládase información sobre a identificación da entidade, a súa actividade, o número de vacantes ou ofertas de emprego que a entidade ten en Galicia, motivo da inexistencia de vacantes, no seu caso, motivo da non cobertura das vacantes existentes e intensidade de uso da capacidade produtiva.

No ano 2025 realizáronse un total de **8** actuacións relacionadas con esta enquisa. Ademais cabe destacar que no 2024 o IGE solicita á nosa universidade datos SIIU de varios cursos (auxiliar, acceso, avance, mobilidade, recursos humanos e rendemento).

6. Xestión de indicadores e programas institucionais.

A Unidade de Análise e Programas ten encomendada a obtención de indicadores precisos para diversos programas clave da institución: o contrato programa de centros, o seguimento de titulacións oficiais e a certificación do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) dos centros.

No marco dos **contratos programa**, a UAP calcula en outubro os indicadores normativos que serven de base para a distribución orzamentaria. O modelo actual de financiamento dos centros, consolidado ao longo da traxectoria da Universidade de Vigo, deseñouse para dotalos de recursos e potenciar a autonomía na toma de decisións das direccións e decanatos. Este modelo estrutúrase en dúas vías:

- Financiamento básico: unha asignación cuxa composición foi evolucionando co tempo.
- Achegas complementarias: fondos vinculados a fins específicos ou ao cumprimento de obxectivos.

Para realizar estes cálculos, a UAP integra información heteroxénea de diversas fontes, que inclúe datos de persoal (PAS e PDI), alumnado, mobilidade, investigación e transferencia, entre outros. Con estes insumos, determínanse os indicadores correspondentes a seis grandes categorías:

- Calidade e docencia: taxas de graduación, rendemento, abandono, adecuación ou captación de mestrado.
- Investigación e transferencia: produción científica, teses defendidas, patentes concedidas ou creación de spin-offs.
- Emprego e mobilidade.

Para obter máis información sobre os contratos programa de centros, pode consultar a seguinte ligazón:

https://www.uvigo.gal/es/universidad/informacion-institucional/presupuestos/contratos-programa-centros

O **programa de seguimento de titulacións oficiais** ten como obxecto proporcionar ás comisións de centro os indicadores necesarios para elaborar a súa memoria anual de seguimento. Para tal fin, mantense permanentemente actualizado o catálogo de indicadores no apartado *UVigo en Cifras* do Portal de Transparencia.

Este catálogo e o seu procedemento de implantación definíronse en 2016 coa participación da ACSUG, as áreas de calidade das tres universidades galegas, a Escola Internacional de Doutoramento (EIDO) e a propia UAP. Froito desta colaboración, en 2017 creáronse por primeira vez os indicadores específicos para o seguimento do doutoramento.

Finalmente, o **programa de certificación do sistema de garantía interna de calidade dos centros** ten como obxectivo xestionar de forma sistemática e estruturada a calidade dos centros e títulos orientándoos cara á mellora continua. A implantación dun sistema de garantía de calidade é, polo tanto, unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora permanente dos centros e das titulacións oficiais. A UAP realiza o cálculo e publicación dos indicadores do panel do Sistema de Garantía interna de centros.

Os indicadores dos programas de seguimento de titulacións oficiais e do programa de certificación do sistema de garantía interna de calidade dos centros atópanse recollidos no Portal de Transparencia, no apartado de UVigo en cifras. Aínda que boa parte deles se calculan de xeito automático a través da aplicación MicroStrategy, a UAP —co apoio constante dos servizos informáticos— realiza un mantemento e unha revisión continuas para asegurar a total fiabilidade dos datos oficiais. Ademais, co obxectivo de garantir unha consulta axeitada e estable, en 2020 estes indicadores recolléronse e publicáronse no portal en formato de arquivos Excel estables.

Pódese consultar máis información sobre estes indicadores nas seguintes ligazóns:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/51
https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/22
https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/34

No 2025 a UAP tamén colaborou coa recollida de **indicadores para a acreditación dos campus especializados**. Nesta anualidade solicitaron datos os campus especializados Campus Crea e Campus Auga. O procedemento para a acreditación dos campus de especialización do Sistema universitario de Galicia está establecido na Orde do 10 de setembro de 2019 da Xunta de Galicia, que entende como campus de especialización aquel que foi desenvolvido mediante convenios entre unha universidade galega e a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

7. Xestión do sistema de QSP

O sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP) permite tramitar as manifestacións de insatisfacción cos servizos que presta a Universidade de Vigo, as iniciativas para mellorar a súa calidade e os recoñecementos polo seu bo funcionamento. Este procedemento garante unha resposta clara e axustada sobre as actuacións realizadas e, se é o caso, sobre as medidas adoptadas. O seu ámbito de aplicación esténdese á totalidade da UVigo, quedando excluídas aquelas incidencias que teñen un procedemento específico.

As QSP rexistraranse mediante un formulario electrónico accesible desde todas as páxinas web da UVigo, e a súa xestión e resposta realizarase a través da aplicación informática habilitada para tal efecto.

No ano 2025, a caixa de QSP recibiu un total de 495, das cales 382 corresponderon estritamente ás categorías de queixa, suxestión e parabén. O aspecto máis destacable desta anualidade é o descenso do número de QSP rexistradas, que pasou de 539 en 2024 a 495 en 2025, o que supón unha diminución de 44 unidades (un 8,16 % menos que no exercicio anterior).

As queixas seguen concentrando a maior parte das solicitudes ao longo de toda a serie histórica, mantendo un comportamento paralelo ao do cómputo global. Pola súa banda, as suxestións e os parabéns presentan volumes menores e máis estables, con lixeiras oscilacións anuais.



No 2025 realizáronse un total de 177 actividades de mantemento na aplicación, que se atopan relacionada coa xestión de altas, baixas e modificacións das persoas usuarias nas diversas unidades responsables da xestión de QSP, así como das propias unidades. En total foron 97 altas de usuarios ou unidades, 80 baixas e 0 modificacións de datos.



O **informe anual de QSP** emítese en cumprimento do estipulado no regulamento do sistema. Este documento ofrece unha análise detallada sobre as tarefas de mantemento da plataforma, os tempos de resposta, o perfil das persoas usuarias e o volume de comunicacións en cada unha das categorías (queixas, suxestións e parabéns). Así mesmo, inclúe información sobre os motivos que xeran estas solicitudes e o desglose por unidades afectadas.

O informe completo pode consultarse na seguinte ligazón:

https://www.uvigo.gal/universidade/calidade/programas-calidade/sistema-qsp

8. Transparencia.

A UAP é a responsable da publicación activa da información pública que se recollen: na Lei 19/2013 de transparencia, acceso á información pública, do estado, na lei 1/2016 de transparencia e no goberno de Galicia e no Regulamento de transparencia da Universidade de Vigo. Destes preceptos legais e regulamentarios se toman un total de **90** items, indicadores ou informacións, que procuran aportar información detallada e aportar a máxima transparencia sobre as actividades da nosa institución.

No marco da xestión diaria do Portal de Transparencia, cómpre destacar que ao longo do ano se publicaron un total de **304 actualizacións de ficheiros e informes**, o que supón un incremento de 156 actuacións respecto ao exercicio de 2024. A difusión destes contidos implica, en primeira instancia, a obtención de información de diversos servizos e unidades da Universidade de Vigo. Para iso, a UAP realiza de xeito distribuído no tempo un total de **234 peticións de datos**, que posteriormente son procesados e analizados. Sobre esta información base, a unidade desenvolve diversas tarefas técnicas —como o cálculo de equivalencias a tempo completo (ETC) ou a elaboración de táboas e gráficos— orientadas a mellorar a comprensibilidade e a usabilidade dos contidos.

Finalmente, estes datos procesados e consolidados non só nutren o portal, senón que tamén se utilizan para canalizar a participación da institución en diferentes *rankings* e para a confección de estatísticas oficiais.



Dende o 2019 a UAP realiza un esforzo importante por incorporar nova información ao Portal de Transparencia creando novos ficheiros de datos para completar ao máximo posible a información facilitada á cidadanía. No 2025 creáronse 10 novos ficheiros e 6 páxinas novas cos correspondentes ficheiros.



Por outra banda, na transparencia ten o seu fundamento o dereito de acceso á información pública. Durante o 2025 recibíronse un total de 41 solicitudes de datos que se amparan nas leis anteriores, das cales 13 foron asignadas á UAP.

Finalmente, é importante destacar a existencia de organizacións que elaboran clasificacións baseadas no grao de cumprimento das obrigas de publicidade activa. O esforzo investido en manter actualizado o Portal de Transparencia e o compromiso coa mellora continua permitiron que a UVigo acade posicións moi destacadas, tanto na clasificación da Fundación HAZ (anteriormente Fundación Compromiso e Transparencia) como na da plataforma DYNTRA.

No Ranking da Fundación Haz, Universidade de Vigo acada o selo ***t de transparente****** (categoría tres estrelas) que implica un cumprimento dun 98 %, con 61 puntos sobre os 62 posibles.

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/72

No que respecta á plataforma **DYNTRA**, na consulta realizada en decembro de 2025, a Universidade de Vigo situábase na **terceira posición**, tras cumprir un total de 163 dos 169 indicadores avaliados, o que supón un grao de cumprimento do 96,45 %.

Cómpre indicar que este *ranking* é plenamente dinámico, polo que a posición de cada institución varía de forma constante en función dos indicadores validados en cada momento.

Para obter máis información sobre a transparencia e as accións desenvolvidas pola UAP neste ámbito, poden consultarse os informes anuais de transparencia na seguinte ligazón:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/76

9. Rankings.

A Universidade de Vigo ten o recoñecemento internacional dalgúns dos rankings universitarios máis relevantes, pero tamén unha presenza moi destacable nas clasificacións que realizan diversas entidades dentro de España.

Cómpre ser conscientes de que os *rankings* internacionais comparan sistemas universitarios moi diversos, con características académicas, económicas e sociopolíticas moi diferentes. Por este motivo, a comparativa non sempre é de todo axeitada, xa que as notables diferenzas limitan o alcance das analoxías. Aínda así, o posicionamento da UVigo nestas clasificacións amosa claramente os esforzos da institución por acadar as máximas cotas de calidade na ensinanza superior e permite a parangón con universidades de perfís similares.

A UAP é a unidade encargada de centralizar as peticións de información dos rankings nos que participa a UVigo. Este proceso implica a recompilación de datos de diversas fontes e servizos, o seu tratamento mediante follas de cálculo e a introdución da información procesada nas plataformas xestionadas polas entidades correspondentes.

Entre os principais *rankings* cos que colabora a UAP subministrando información, destacan os seguintes:

- **Ranking de Shanghai (ARWU):** Clasifica as universidades mediante indicadores académicos, de rendemento da investigación, artigos indexados nos principais índices de citas e o desempeño global da organización.

- **Times Higher Education (THE):** Avalía as institucións en relación coas súas misións principais: ensinanza, investigación, transferencia do coñecemento e perspectiva internacional. Esta entidade elabora tamén o *THE Young University Rankings* (cunha metodoloxía de 13 indicadores para universidades de 50 ou menos

anos) e o *THE University Impact Rankings* (creado en 2019 para medir o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas).

- **QS World University Rankings:** Compara as mellores universidades do mundo por áreas de coñecemento, empregabilidade dos titulados e impacto das súas publicacións científicas. En 2024 lanzou a primeira edición do *QS Sustainability*, centrado no desempeño social e ambiental das institucións de educación superior.

- **UI GreenMetric:** Enquisa en liña que avalía a condición actual e as políticas vinculadas á sostibilidade ambiental, poñendo o foco na loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte ecolóxico.

- **Informe CYD:** Analiza as características básicas do sistema universitario español. Recolle datos heteroxéneos (rendemento do alumnado, estrutura institucional, persoal e financiamento) estruturados en catro grandes eixes: ensinanza e aprendizaxe, investigación, transferencia de coñecemento e orientación internacional.

- **El Mundo:** O xornal solicita información anual para a elaboración de dous monográficos: o suplemento *50 Carreras* (coas titulacións máis demandadas) e o suplemento *250 Másteres* (dirixido a persoas recentemente tituladas).

- **Clarivate Analytics:** Recolle datos sobre actividade investigadora, financiamento, estudantado e persoal que complementa con métricas de *InCites* para confeccionar un *ranking* global de perfís institucionais. Esta clasificación, á súa vez, fornece datos a outros índices como o *Best Global Universities* de US News.

- **Forbes:** Publica a lista das mellores universidades de España avaliando aspectos como o acceso, o prezo, a accesibilidade de instalacións, o prestixio percibido, a experiencia do alumnado, a preparación para o mercado laboral, a investigación e a proxección internacional.

- **TIME**: o ano pasado recompiláranse datos e evidencias para o pedimento formulado pola revista TIME que en colaboración con Statista están a elaborar a primeira edición do seu ranking World's Top Universities.

Anualmente, a UAP elabora un informe detallado sobre o posicionamento da UVigo nestes indicadores. Este documento, xunto cun boletín informativo coas novas sobre *rankings* publicadas na prensa, pode consultarse na seguinte ligazón:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/56

10. Responsabilidade social.

Na UVigo elabórase dende o 2011 a Memoria de Responsabilidade Social Universitaria (RSU), que pretende ter un impacto real que chegue a todas as partes interesadas e que sexa un documento útil en prol da mellora continua. A memoria é un importante elemento de rendición de contas para transmitir á sociedade o desempeño ambiental, económico e social da universidade.

A UAP elaborou a "*Memoria de RSU 2025"* na que se recompilaron os datos necesarios para reflectir a información da UVigo en relación coa Responsabilidade social, a realiza gráficos e táboas e redacción do contido da mesma.

As memorias publicadas poden ser consultadas na seguinte ligazón:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/47

A UAP elaborou o "*Informe de posicionamento da Universidade de Vigo no THE university impact ranking 2025*", que avalía a o desempeño nos 17 Obxectos do Desenvolvemento Sostible (ODS). Nel reflíctese a posición global da nosa universidade, así como a posición acadada en cada un dos ODS, as métricas que avalía o ranking e nas que debemos mellorar. Máis información detallada pode atoparse no seguinte enlace:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/64

A UAP elaborou "*Informe 2024 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030*", que ten como obxectivo analizar as metas dos 17 ODS e presentar as evidencias coas que a Universidade de Vigo está contribuíndo para acadalos. Más información pode atoparse no seguinte enlace:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/71

A UAP elaborou o "*Informe de posicionamento da Universidade de Vigo no Ranking Green Metric 2024*". Este ranking ten como obxectivo proporcionar o resultado dunha enquisa en liña sobre a condición actual e as políticas relacionadas coa sostibilidade das universidades do mundo, intentando chamar a atención sobre a loita contra o cambio climático, a conservación da enerxía e a auga, a reciclaxe de residuos e o transporte ecolóxico. Neste informe analízase a posición global acadada pola Universidade de Vigo, as súas puntuacións en cada un dos ítems e as métricas que precisan mellorarse. Máis información pode atoparse neste enlace:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/69

A UAP elaborou *Informe de posicionamento da Universidade de Vigo no "QS sustainability 2026*", que ten por obxectivo proporcionar información das universidades do mundo que están liderando o camiño da sostibilidade social e ambiental. Con ese informe avalíase o impacto ambiental en tres lentes que son a educación ambiental, a investigación ambiental e sostibilidade ambiental. O impacto social no que se mide a empregabilidade, a igualdade, a saúde o benestar, o impacto da educación e o intercambio de coñecemento. E por último, a gobernanza no que se mide o compromiso institucional. Máis información pode atoparse neste enlace:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/77

A UAP elaborou "*Informe CYD universidades sostibles 2025*", que ten como obxectivo avaliar o grao de implicación das universidades españolas cos principais retos sociais e ambientais do século XXI. Máis información pode atoparse neste enlace:

https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/pagina/show/79

11. Plan estratéxico.

No Consello de Goberno do 21 de decembro de 2020 aprobouse o Plan Estratéxico da Universidade de Vigo para o período 2021-2026. A través deste documento, a institución conxuga a oportunidade de proxectar o seu posicionamento futuro coa definición das políticas e medidas necesarias para alcanzalo.

A elaboración deste plan estratéxico supuxo un exercicio colectivo de reflexión, autocrítica e innovación, impulsado desde a propia comunidade universitaria e os seus grupos de interese. Para o seu deseño, revisáronse tanto os retos fixados na folla de ruta anterior coma o seu grao de cumprimento, establecendo a partir de aí a nova visión estratéxica da institución.

A comisión de seguimento avalía anualmente o desenvolvemento do plan, analizando a implantación das accións e o grao de consecución dos obxectivos establecidos. Neste ámbito, a Unidade de Análise e Programación (UAP) encárgase de fornecer a información precisa para este seguimento, ben mediante a obtención directa de indicadores ou coordinando a recollida de datos cos servizos e vicerreitorías correspondentes.

Para obter máis información sobre o Plan Estratéxico 2021-2026 e consultar os seus informes de seguimento, pode acceder á seguinte ligazón:

https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-estratexico-2021-2026

12. Informes.

Na UAP elabórase unha serie de informes e documentos que testemuñan a actividade da unidade en diferentes áreas de traballo:

- **Informe de actividades**: Publícase anualmente desde 2010 co obxectivo de render contas con transparencia sobre o traballo desenvolvido ao longo do ano. A súa publicación achega evidencias do compromiso da UVigo coa meta 17.18 dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (orientada a aumentar a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de calidade) e serve como soporte para o THE Impact Ranking.

- **Informe de transparencia**: Recollido como obriga no artigo 22 do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, recolle as accións realizadas nesta área. Amosa o compromiso coa meta 16.6 da Axenda 2030 (creación de institucións eficaces e transparentes que rendan contas á sociedade) e utilízase tamén como evidencia para o THE Impact Ranking.

- **Informe da presenza da UVigo nos principais rankings universitarios**: Dá conta da posición da institución en índices nacionais e internacionais. Este documento emprégase como evidencia para o indicador 10.4 do ranking de transparencia da Fundación Haz.

- **Informe de posicionamento no " *Informe de posicionamento da Universidade de Vigo no THE university impact ranking*"**: que dá conta do compromiso da universidade cos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030 das Nacións Unidas e a medición desempeño en cada unha das metas establecidas en cada ODS.

- **Informe de posicionamento no "Ranking GreenMetric"**: Reflicte o compromiso da universidade coa sostibilidade, especificamente na loita contra o cambio climático, a conservación de enerxía e auga, a reciclaxe e o transporte. Axuda a dar resposta á obriga da LOSU de promover campus climaticamente sostibles e serve de evidencia para os impactos do estándar GRI na memoria de responsabilidade social corporativa.

- **Informe de posicionamento no "QS Sustainability"**: Reflicte o compromiso da universidade coa sostibilidade,

- **Informe de posicionamento no "** *CYD universidades sostibles* **"**: Reflicte o compromiso da universidade c

- **Informe dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030)**: Analiza as metas dos 17 ODS e presenta as evidencias coas que a UVigo contribúe a logralos. A súa motivación principal é xustificar o ODS 17 no THE Impact Ranking (de presentación obrigatoria canda outros tres ODS). A publicación deste informe permitiu mellorar o posicionamento da UVigo no ranking, pasando do rango 201-300 ao 101-200, ao tempo que cumpre coas obrigas da LOSU respecto á Axenda 2030.

- **Informe do sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns (QSP)**: Elabórase anualmente desde 2010 en cumprimento do artigo 17 do regulamento do propio sistema. Analiza as comunicacións presentadas a través da aplicación electrónica e serve como evidencia para o Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) dos centros.

- **Memoria de Responsabilidade Social**: Documento que recolle o compromiso e o desempeño da Universidade de Vigo nos ámbitos ambiental, social e económico.

Ademais, a UAP edita anualmente dous boletíns informativos que compilan o impacto na prensa e no DUVI: o Boletín de novas de rankings (que acredita a repercusión social do posicionamento da UVigo) e o Boletín de novas de premios e distincións (que recompila os recoñecementos recibidos polos membros da comunidade universitaria por parte de diversos organismos e entidades).

13. Organización.

En 2025, verbo do pedimento da Xerencia, volveuse a presentar unha nova proposta de modificación da RPT da que xa se informou en edicións anteriores desta memoria. O volume de traballo da unidade segue en aumento, tal como reflicte a evolución no número de peticións, estatísticas, indicadores institucionais, rankings, informes de transparencia e métricas do Plan Estratéxico aos que cómpre dar resposta no menor tempo posible.

En dita proposta coméntanse no apartado de *antecedentes* os escritos que foron presentados nos anos 2019, 2021 e 2022 sobre a modificación da RPT da UAP, e ademais detállase a *evolución das solicitudes de datos* tal como detalla publicamente nas publicacións desta memoria, e avalíanse as novas cargas de traballo en cada unha das áreas de traballo: *Estatísticas, Acreditacións campus especializados, Acreditación centros singulares, Transparencia, Rankings, Memoria de responsabilidade social, Dereito de acceso, Plan estratéxico e informes.*

No devandito escrito volveuse a xustificar formalmente a creación de dous postos da escala Técnica de Análise de Datos, subescala Datos (de nova creación), con destino na UAP. O obxectivo desta solicitude é impulsar o desenvolvemento dun potente sistema centralizado de información (Data Warehouse) que permita a automatización dos procesos de recompilación, custodia, tratamento e visualización de datos. Neste sentido, durante o ano 2022 mantivéronse contactos con unidades de datos doutras universidades españolas —ás cales agradecemos a súa colaboración— que xa contan con dotacións de persoal técnico informático especializado na xestión desas plataformas.

No escrito se xustifica a creación dun sistema de intelixencia institucional [1] que permita o tratamento da información en todas as áreas de xestión da universidade e que permitan a análise dos datos para que sirvan na correcta toma de decisión.

O libro blanco *Inteligencia Institucional en universidades,41* editado en 2013 pola Oficina de Cooperación Universitaria (OCU) no ano 2013 define

"***Inteligencia Institucional*** *es la capacidad de la Universidad para dar a cada miembro de la comunidad universitaria acceso autónomo a toda aquella información analítica de valor para el óptimo desempeño de sus funciones, a través de canales especializados y permanentes, obteniendo una utilización eficaz de los mismos".*



[1] Libro blanco *Inteligencia Institucional en Universidades.*

A carga de traballo da UAP incrementouse notablemente desde 2017, polo que resulta insostible continuar cun modelo baseado en follas de cálculo de Excel. O paso lóxico e eficiente esixe a transición cara a sistemas soportados por un Data Warehouse, o que fai imprescindible dispoñer de persoal propio adscrito á unidade e especializado na xestión masiva de datos.

Deste xeito, búscase converter os datos en activos estruturados para xerar un capital de información que optimice a toma de decisións baseada en evidencias. Esta evolución mellorará a eficacia e a eficiencia dos procesos administrativos da Universidade ao dispoñer dunha arquitectura de información fiable, escalable, perdurable, automatizada, íntegra e veraz. Ao mesmo tempo, constituirá un elemento clave na rendición de contas á sociedade, facilitando o acceso aberto á información a través das distintas memorias, o Portal de Transparencia e, no futuro, o Portal de Datos Abertos.



14. Principais necesidades detectadas.

As necesidades detectadas en exercicios anteriores seguen vixentes durante o ano 2025. A continuación, detállanse as principais demandas pendentes:

- **Nova contorna web para o Portal de Transparencia**: O obxectivo é implantar unha plataforma que permita unha xestión máis áxil. O novo deseño posibilitaría pasar das 130 páxinas actuais a un espazo reestruturado de aproximadamente 30 páxinas. Isto non só optimizaría a eficiencia na xestión interna, senón que melloraría notablemente a accesibilidade e a usabilidade para o público. A este respecto, a Fundación Haz sinala nos seus informes: "Entendemos por transparencia voluntaria en la web el esfuerzo por difundir y publicar la información relevante de la organización, haciéndola visible y accesible a todos los grupos de interés de manera íntegra y actualizada". Unha nova estrutura web resulta clave para cumprir con este estándar de visibilidade.
- **Módulo de enquisas na aplicación de QSP**: Necesítase crear esta funcionalidade para dar cumprimento ao artigo 16.2 do Regulamento do Sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns, o cal estipula que se establecerán métodos para avaliar a satisfacción das persoas usuarias. Deste xeito, xunto coa notificación do peche da QSP, enviaráselle automaticamente á persoa interesada unha enquisa para valorar a resolución adoptada e as xestións realizadas.
- **Data Warehouse académico**: Cómpre optimizar o sistema de tratamento de datos académicos para dar soporte aos procesos de acreditación de títulos de grao, máster e doutoramento. As limitacións actuais do sistema impiden ofrecer a información de forma directa, visual e fiable; debido a isto, desde 2020 optouse por publicar os datos en follas de cálculo de Excel, o que resta capacidade de explotación a unha potente ferramenta de analítica.

- **Ferramenta de análise de visitas no Portal de Transparencia**: Imprescindible para cumprir co artigo 22.3 do Regulamento de transparencia e acceso á información pública, que establece a obriga de publicar "os datos sobre a información máis consultada no portal de transparencia e de datos abertos".
- **Perfil unificado do profesorado**: Consiste en integrar nunha única páxina web —fácilmente accesible— toda a información académica, investigadora e de xestión correspondente a cada docente da Universidade.
- **Portal de Datos Abertos**: Segundo o artigo 9 do Regulamento de transparencia e bo goberno da UVigo, este espazo constitúe o catálogo de información reutilizable en formatos abertos. A disposición transitoria do texto estipulaba que a Universidade publicaría este portal nun prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor. Dado que o regulamento foi aprobado polo Consello de Goberno o 9 de outubro de 2017, este precepto legal segue pendente de cumprimento.

15. Plan de financiamento do SUG 2022-2026 e custos da Unidade de Análises e Programas.

O 28 de decembro de 2021 publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 16 de decembro dese mesmo ano, polo que se aprobou o Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026. Este plan establece un cadro de mando para rexistrar as variables de medición dos principais elementos de funcionamento das universidades, co obxectivo de facilitar a toma de decisións e servir como ferramenta de rendición de contas. Xunto con este cadro de mando, deséñase un panel de indicadores que recolle os resultados das principais accións das institucións académicas.

Ambos os dous instrumentos aliméntanse de fontes e datos medibles e accesibles, tal como se especifica para o quinto **subfondo do panel de indicadores de resultados**: "*... empregaranse sempre datos medibles e obxectivos, obtidos de fontes contrastadas e que sexan accesibles a todas as partes implicadas. Neste senso, o desenvolvemento do Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU), as bases de datos homoxéneas e outras fontes contrastadas permiten contar con elementos de medida non suxeitos a discusión sobre a súa fiabilidade e transparencia*".

Neste escenario, o traballo desempeñado pola UAP resulta estratéxico, ao ser a unidade administrativa encargada de fornecer ás institucións externas a información oficial sobre a que se realizan os cálculos financeiros. Por tanto, o seu labor é clave para asegurar a obtención de ingresos económicos fundamentais para a sustentabilidade da Universidade de Vigo. De feito, tal como se reflicte no anexo III desta memoria, a achega de información por parte da UAP afecta directamente a 33 dos 41 indicadores que integran o devandito subfondo 5.

No seguinte cadro detállanse os custos de funcionamento da Unidade de Análise e Programación, segundo os informes de contabilidade analítica dos cursos 2022/23 e 2023/24:

Táboa 3. Contabilidade analítica.

Clase/actividades	Descrición	Importe curso 2022/23	Importe curso 2023/24
02-001002014	Actividades da Unidade de análises e programas	276.426,46	291.303,05

O impacto directo da actividade da UAP no financiamento da institución queda patente nas cifras orzamentarias: no Fondo Non Condicionado (subfondo "Panel de indicadores") consignouse un total de 19.534.894,85 € no orzamento de 2024, contía que ascendeu a 19.815.544,55 € no orzamento de 2025.

A modo de exemplo, o indicador PAIRS2 de Transparencia Universitaria distribúe uns 1.500.000 € entre as tres universidades do SUG. Segundo os criterios de reparto por grao de cumprimento, a asignación estimada para a Universidade de Vigo ascende a 785.539,47 €. Estas cifras poñen de manifesto que o retorno económico obtido grazas ao bo rendemento nun único indicador cobre con fartura todos os custos de funcionamento da unidade.

16. Formación.

Durante o 2025 o persoal da UAP realizou con aproveitamento diversos cursos de formación realizado na universidade.

Os persoal integrante da UAP tamén participou no curso en liña de *Microsoft Power BI. Modelado e análise de datos (en-liña)* organizado no marco de colaboración entre as universidades integrantes do sistema universitario de Galicia e o Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (CIXUG) cunha duración de 24 horas e desenvolvido en modalidade en liña.

17. Agradecementos.

Desde a UAP queremos agradecer o apoio de todas as persoas, servizos e unidades coas que colaboramos acotío e que fan posible o desenvolvemento das nosas actividades diarias. De xeito especial, queremos recoñecer a aquelas das que dependemos para a recepción de datos, ben sexa a través do envío de ficheiros ou de información que logo procesamos na unidade para elaborar indicadores e responder ás solicitudes recibidas.

Así mesmo, un dos nosos maiores agradecementos vai dirixido, sen dúbida, aos servizos informáticos. O seu labor no mantemento das aplicacións que empregamos a diario e o seu soporte nas tarefas de curación de datos son fundamentais para que poidamos ofrecer, día tras día, a información máis fiable posible.

Anexo I. Cadro de actividades.

UNIDADE DE ANÁLISES E PROGRAMAS - CADRO DE ACTIVIDADES

	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	XULLO	AGOSTO	SETEMBRO	OUTUBRO	NOVEMBRO	DECEMBRO
INE		INE_Trimestral 45/46/20			INE_Trimestral 45/46/20			INE_Trimestral 45/46/20			INE_Trimestral 45/46/20	
	INE_Trimestral 44			INE_Trimestral 44			INE_Trimestral 44			INE_Trimestral 44		
					INE_I+D							
				Custo anual	Custo anual					EAES_44	EAES_45/46/20	
	INE_Comercio			INE_Comercio			INE_Comercio			INE_Comercio		
Ministerio de Ciencia..					Enquisa TCI							
IGE	IGE_Vacantes			IGE_Vacantes			IGE_Vacantes			IGE_Vacantes		
						CRUE_UEC						
CRUE				CRUE_CEDRO		CRUE_I+TC						
		UNIVERSITIC										
SIIU										Auxiliar		
	Rendemento										Rendemento	
	Acceso											
		Mobilidade										
		Becas										
				Avance								
						RRHH PDI						
						RRHH PAS e PEI						
		Económica										
Rankings	THE WUR									THE impact		
		El Mundo 50 carreras	El Mundo 250 máster		El Mundo online							
										Clarivate Analytics		
	Shanghai											
									Ranking CYD			
						GreenMetric						
		QS Sustainability								Rank Pro	GWC	
	QS WUR											QS WUR
					Forbes							
Memorias	GreenMetric	QSP	Transparencia	UAP			THE Impact					Rankings
					Responsabilidade Social							Boletíns rankings, premios e distincións
												QS Sustainibility
Calidade	Xestión de indicadores									Xestión de indicadores		
Contrato programa centros								Recopilación e cálculo indicadores				
Plan estratéxico									Plan estratéxico			
Dereito Acceso	Tramitación solicitude de dereito de acceso (datos)											
QSP	Xestión do sistema de QSP											
Portal	Publicación e actualización de datos no Portal de Transparencia											
WEB	Recopilación diaria novas DUVI, premios e rankings// Informes sobre posicionamento en rankings											
Datos	Tramitación de pedimento de datos a outras unidades interntas ou externas segundo demanda											

Anexo II. Cadro de competencias.

	AMBITO FUNCIONAL (COMPETENCIAS)	PROCEDEMENTOS
1	Dataset	Actualización da táboa xeral de pedimentos a unidades e servizos
		Pedimentos mensuais a unidades e servizos
		Recepción e comprobación de datos aportados
2	Solicitudes de datos	Recepción do pedimento e anotación en folla de control
		Estudo da solicitude e preparación de fontes
		Pedimento de datos a outras unidades ou descarga de bases de datos
		Elaboración dos cálculos e envío
3	Estatísticas	Recepción do pedimento e anotación en folla de control
		Estudo da solicitude e preparación de fontes
		Pedimento de datos a outras unidades ou descarga de bases de datos
		Elaboración dos cálculos
		Carga de datos nos portais de organismos (Ine, SIIU, Ministerio…)
		Validación de carga e feedback a unidades e servizos
		Validación de datos
4	Xestión de indicadores e programas institucionais	Actualización dos manuais dos catálogos de centros e titulacións, doutoramento e contrato programa de centros
		Mantemento dos indicadores no Portal de Transparencia
		Colaboración no soporte de datos dos programas interuniversitarios con outras universidades
		Subministro de infomación para os indicadores para a acreditación dos campus especializados e centros singulares
5	Xestión do sistema de QSP	Recepción das solicitudes de QSP
		Análise e clasificación previa e distribución
		Control e seguimento da QSP
		Comprobación da resposta e peche se procede
		Elaboración do informe anual de QSP

	AMBITO FUNCIONAL (COMPETENCIAS)	PROCEDEMENTOS
6	Transparencia	Xestión dos indicadores de publicidade activa (obrigas) recollidos nas leis de transparencia estatal, autonómica e propia, e nos rankings de transparencia da Fundación Haz (Compromiso y Transparencia) e plataforma DYNTRA
		Publicación dos indicadores no Portal de Transparencia
		Colaboración coa Secretaría Xeral na tramitación dos pedimentos de dereito de acceso, particularmente cando se trata de datos
		Difusión da actualización dos indicadores a través da lista de avisos
		Elaboración do informe anual de transparencia
7	Rankings	Recepción do pedimento e anotación en folla de control
		Estudo da solicitude e preparación de fontes
		Pedimento de datos a outras unidades ou descarga de bases de datos
		Elaboración dos cálculos
		Carga de datos nos portais de rankings ou envío
		Elaboración e publicación do informe anual de rankings, informe desempeño no THE Impact e GreenMetric
8	Responsabilidade social	Preparación da estrutura da memoria segundo criterios de GRI
		Pedimentos de datos a outras unidades ou servizos
		Elaboración de táboas e gráficos e actualización da redacción
		Coordinación da revisión e edición
		Publicación da memoria e do resumo da memoria
9	Plan estratéxico	Recompilación e cálculo de indicadores para a elaboración do informe de seguimento anual do Plan Estratéxico.
		Elaboración de diferentes informes que serven como evidencia de diversos rankings e tamén como elementos de rendición de contas cara a comunidade universitaria e á sociedade.
10	Informes	Elaboración de diferentes informes que serven como evidencia de diversos rankings e tamén como elementos de rendición de contas cara a comunidade universitaria e á sociedade.

Anexo III. Plan de financiamento por resultados.

MÓDULO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADORES	Fonte	UAP
Módulo 1 Financiamento global	PAFI1	Recursos públicos captados	Orzamentos	
	PAFI2	Recursos privados captados	Orzamentos	
	PAFI3	Ingresos propios das universidades	Orzamentos	
	PAFI4	Independencia financeira	SIIU	si
	PAFI5	Endebedamento	SIIU	si
	PAFI6	Grao de execución do orzamento de gasto	SIIU	si
Módulo 2 Internacionalización	PAIN1	Posicións destacadas clasificación ARWU	ARWU	si
	PAIN2	Posicións destacadas clasificación THE	THE	si
	PAIN3	Posicións destacadas clasificación QS	QS	si
	PAIN4	Universidades europeas	Eramusplus	
	PAIN5	Publicacións en colaboración internacional	Iune	si
	PAIN6	Profesorado estranxeiro	SIIU	si
	PAIN7	Titulacións en inglés	SIIU	si
	PAIN8	Titulacións conxuntas con universidades estranxeiras	SIIU	si
	PAIN9	Estudantado estranxeiro egresado (grao)	SIIU	si
	PAIN10	Estudantado estranxeiro total matriculado en grao e mestrado	SIIU	si
Módulo 3 Relacións universidade-empresa	PAUE1	Spin-offs	RedOtri/Iune	si
	PAUE2	Contratos I+D e consultarías	Iune	si
	PAUE3	Prestación de servizos	Iune	si
	PAUE4	Ingresos xerados en I+D	Iune	si
	PAUE5	Co-publicacións con empresas	Fundación CYD	si

MÓDULO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN INDICADORES	Fonte	UAP
Módulo 4 Docencia innovadora	PADI1	Taxa de idoneidade	SIIU	si
	PADI2	Taxa de graduación	SIIU	si
	PADI3	Taxa de cambio	SIIU	si
	PADI4	Taxa de abandono	SIIU	si
	PADI5	Máster de excelencia	S.X. Universidades	
Módulo 5 Investigación avanzada	PAIA1	Número de grupos de investigación con axudas vixentes	S.X. Universidades	
	PAIA2	Relación entre sexenios conseguidos e sexenios potenciais	SIIU	si
	PAIA3	Teses defendidas	Iune/SIIU	si
	PAIA4	Publicacións científicas no primeiro cuartil	Iune	si
	PAIA5	Profesorado que leu a tese no SUG	SIIU	si
	PAIA6	Produción científica	Iune/WoS	si
	PAIA7	ERC no SUG	S.X. Universidades	
	PAIA8	Patentes nacionais	Iune	si
	PAIA9	Extensións PCT	RedOtri/Iune	si
Módulo 6 Responsabilidade social	PAIRS1	Ranking UI GreenMetric	GreenMetric	si
	PAIRS2	Transparencia universitaria	Fundación HAZ	si
	PAIRS3	Ranking Web de universidades	Webometrics	
	PAIRS4	Mulleres no PDI	SIIU	si
	PAIRS5	Estudantado egresado (graos)	SIIU	si
	PAIRS6	Transición estudantado grao a máster	SIIU	si

Información de contacto

Unidade de análises e programas.

Edificio Filomena Dato.

As Lagoas Marcosende s/n.

36310 Vigo (Pontevedra)

Tel. 986 818 689

https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/organizacion-administrativa/unidade-analises-programas



Universidade Vigo

Unidade de Análises
e Programas

Edificio Filomena Dato
Andar 0.
Campus universitario
36310 Vigo

Tel. 986 818640
consulta.uap@uvigo.es
uvigo.gal